Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 156. Xaneiro 2019. Distribución gratuíta

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

O comercio asociado reparte os premios da campaña de Nadal

Como cada mes de xaneiro a Casa da Cultura de Melide acolleu a celebración do sorteo da campaña de Nadal que organiza o Centro Comercial Aberto Asetem. Nesta vixésima edición participaron preto de 90 comercios e repartíronse 70.000 rifas. Tras coñecer os números premiados, os afortunados teñen agora ata o 31 de xaneiro para presentar os boletos nas oficinas da asociación. A gala deste ano estivo conducida polo actor e guionista galego Manuel Manquiña. P3



MELIDE
Recollen firmas para que reformen a rúa Camiño Vello de Santiago P10

COMARCA
Santiso aproba uns orzamentos para 2019 nos que prima o gasto social P18

CULTURA
Xosé García, finalista no XII Premio Raíña Lupa coa novela *Revolución Detrito* P21

ENTREVISTA



Ana Curros Mato, Bodegas Curros P23

Polémica entre PP e PSOE a causa dos fondos provinciais



A alcaldesa de Melide denuncia un descenso nos fondos da Deputación e inicia unha recollida de firmas para que arranxen as beirarrúas en Santa María. P10

Oposición á instalación dunha granxa porcina en Toques



A Asociación cultural A Toca denuncia o seu impacto e critica que se estableza nas inmediacións da igrexa románica de San Antolín e preto do depósito municipal de auga. P14

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

De solidariedade e dereitos...



Recentemente celebrouse en Melide unha cea solidaria para recadar fondos a favor dunha fundación de apoio a nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, e o resultado non puido ser máis satisfactorio. E falamos deste caso por poñer un exemplo, pero son numerosas as ocasións nas que multitude de persoas acoden á chamada da solidariedade dando boa mostra da súa bondade e altruísmo.

Non obstante, esta iniciativa, como ben podería ser calquera outra destas características, fíxonos reflexionar profundamente sobre un aspecto: a necesidade, a falta de recursos. É dicir, baixo ningún concepto a solidariedade pode ser un substituto dos nosos dereitos, e que ninguén nos mal interprete porque benvida sexa sempre unha axuda, proveña de onde proveña. Pero iso non pode converterse na solución á falla de recursos, coma neste caso, da sanidade.

Ante un problema de saúde o Estado debe garantirnos a mellor atención médica integral. No canto diso, o modelo que está a proliferar hoxe en día é o dos recortes, o da privatización; un modelo que nos arrastra en moitas ocasións á beneficencia, á caridade como última solución aos nosos problemas.

Botemos unha ollada ao noso arredor, á sanidade en Galicia. Sen ir máis lonxe o pasado 9 de xaneiro celebrouse en Compostela unha manifestación para esixir unhas "urxencias dignas nunha sanidade pública digna". Os propios pacientes estaban chamados a acudir á protesta convocada polos traballadores do Hospital Universitario de Santiago (CHUS), e entre as súas proclamas: "non máis pacientes amontoados nos corredores de acceso dos servizos de urxencias" e "máis persoal para poñer fin ao maltrato asistencial".

E iso por non falar da atención primaria, da sobrecarga de pacientes que sofren os Puntos de Atención Continuada (PAC), das listas de espera, da externalización de servizos ao sector privado, da falta de medios e persoal, e así un longo etc.

Cara a onde nos leva todo isto? Cara a privatización dun dereito fundamental como é a asistencia sanitaria de calidade e pública. E á falla da mesma, cara a solidariedade. Por iso debemos ter claro que é un dereito ao que non podemos renunciar. Celebremos a solidariedade, si, pero por encima de todo esixamos os nosos dereitos e a implicación do sistema, da Administración, porque é a súa responsabilidade e a súa obriga, e é o noso dereito.

De non facelo continuaremos retrocedendo no tempo ata volver a vivir nunha época na que a sanidade era beneficencia.

A solidariedade é unha satisfacción colectiva, pero non pode ser baixo ningún concepto un substitutivo dos nosos dereitos.

Tribuna de opinión

Diñeiro fácil

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O sorteo do Neno o pasado día de Reis deixou en todas as televisións unha imaxe para meditar. Un rapaz de 15 anos comprou un décimo de lotaría que resultou premiado. Ata aí todo pode parecer normal se non fose porque a lei prohibe aos menores de 18 anos que xoguen á lotaría. Evidentemente seu pai saíu de inmediato a explicar que o décimo o compraran entre os dous.

Máis alá da anécdota a escena convida a pensar en todo o que hai detrás, especialmente nos tempos nos que vivimos hoxe en día, cando cada vez máis mozos participan en xogos de azar co único obxectivo de conseguir diñeiro rápido e fácil. Véxase por exemplo como as casas de apostas deportivas se multiplican por todos lados (Melide incluído), e a súa publicidade con grandes e recoñecidas figuras do deporte se volve máis común e mesmo máis agresiva por momentos. Todos escoitamos nalgún momento ese lema que di "apuesta, apuesta, apuesta, gana, gana, gana".

Cal é o perigo disto? Pois que ademais de que chegue a converterse -sen darnos conta- nun hábito do que dificilmente sexamos capaces de saír, se estableza como a saída máis fácil para as persoas con menos recursos ou sen medios económicos.

É necesario por tanto que se tomen medidas neste senso, e máis se temos en conta que a obriga do Estado é a de favorecer a riqueza de todos os cidadáns por igual a través da creación de oportunidades, non dos xogos de apostas. Podemos considerar as apostas como unha actividade lúdica; pero máis alá diso non debemos confundilas cunha saída fácil para gañar diñeiro. De facelo, máis que nun divertimento acabará converténdose nun servizo semellante ao da beneficencia.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Veciñal Melidá e Emilio Ares
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

6.000 euros... que buscan dono!

Os afortunados teñen ata o 31 de xaneiro, ás 13.00 horas, para presentar o boleto gañador nas oficinas de Asetem











Varios momentos do sorteo e da actuación que realizou Manquiña coa súa banda. Á gala de Nadal de Asetem tamén asistiu a directora xeral de Comercio, Sol Vázquez

A Casa da Cultura de Melide acolleu o pasado venres 11 de xaneiro a celebración da gala de Nadal que, en colaboración co Concello de Melide, organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide para poñer punto e final á campaña de decembro. Este ano a gran novidade foi a presenza do actor e guionista galego, Manuel Manquiña quen, como encargado de conducir a gala, presentou o evento no que se celebrou o sorteo e actuou coa súa banda, *Los Fabulosos Weekend*.

Pola súa parte, a contía de premios a repartir nesta vixésima edición da campaña de Nadal foi a mesma que na edición anterior; un total de 6.200 euros para investir de novo entre o comercio local asociado.

Realizado polo tanto o sorteo, aínda faltan por aparecer os sete afortunados, xa que a sorte non quixo que ningún dos agraciados se atopase entre o público. Por iso, se efectuaron algunha compra nalgún dos seguintes establecementos comproben as súas rifas porque poden ser vostedes os premiados: Librería Cousas (2.000 euros), Óptica Alain Afflelou (1.000 euros), Frutería Celia (1.000 euros), Bodegas Mejuto (500 euros), Yethi Carburantes (500 euros), e Xoiería Oro Ley (dous premios de 500 euros cada un).

No caso de que non aparecesen os gañadores aínda queda probar sorte cos números de reserva. Neste caso recaeron en Muxica, Xoiería Roval, Melimática, Óptica Melide, Mis Mejores Labores, Calzados Broz e Sisuka.

E se as contías das rifas aínda buscan dono, o premio sorteado entre o público durante a gala apareceu á primeira. Este, dotado con 200 euros, foi para o veciño Jorge Celestino Álvarez Rouco, que recibiu o cheque de mans do presidente de Asetem, Manuel Vázquez, e da alcaldesa de Melide, Dalia García.

Como anécdota destacar que, un ano máis, Librería Cousas mantense como un referente á hora de entregar premios. Nesta campaña concedeu o primeiro premio dotado con 2.000 euros, pero a hemeroteca fala por si soa: na pasada edición entregou dous premios de 1.000 euros cada un; ao igual que no ano 2016 con dous premios tamén de 1.000 euros cada un, e un de reserva (o maior de todos: 2.000 euros). Ademais, no sorteo do ano 2015 repartiu 6 dos 22 premios en xogo naquel entón, e se nos remontamos máis atrás, no ano 2013 entregou o primeiro premio e no ano 2012 o primeiro e o segundo.

Vixésima edición: 90 comercios e 70.000 rifas

Nesta edición da campaña de Nadal, a vixésima, repartíronse a totalidade das rifas (70.000), unha cantidade lixeiramente superior á do ano pasado cando se repartiron 64.400, e participaron preto de 90 establecementos.

Dende a directiva de Asetem manifestaron a súa ledicia por manter viva unha campaña como a do Nadal, "que tan bos resultados obtén sempre", e reafirmáronse no seu compromiso de "seguir traballando para que esta tendencia positiva se traslade a outras iniciativas".

A gala, á que asistiron preto de 300 de persoas, tamén contou coa participación da directora xeral de Comercio e Consumo, Sol María Vázquez Abeal; que quixo apoiar coa súa presenza iniciativas como esta que serven de motor dinamizador para o comercio local.

Os premiados teñen agora de prazo ata o 31 de xaneiro ás 13.00 horas para presentar o boleto premiado nas oficinas de Asetem. Unha vez rematado o prazo serán convocados a un acto no que recibirán o premio de mans do titular do establecemento no que lles tocou o premio. Poden consultar os números premiados na última páxina deste xornal e nas distintas redes sociais de Asetem.

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado

Floristeria MARU

"Siempre hay flores para aquellos que desean verlas"
(Henri Matisse)

Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

Hardgalicia estrea local e novo servizo

A nova tenda, situada en San Pedro 16, unifica os servizos de Juifi, Hardgalicia e R, e incorpora servizo de reparación de móbiles

Hardgalicia cambia de emprazamento en Melide e traslada as súas oficinas á rúa de San Pedro. O obxectivo, "obter máis espazo para poder concentrar todo o negocio nun mesmo local", así o explica Óscar Iglesias, un dos propietarios deste negocio. "Cambiamos de lugar, pero seguimos sendo distribuidores oficiais de R e continuamos coa nosa propia marca que é Juifi", engade.

Pero a gran novidade neste local chega da man dun novo servizo, que é a reparación de terminais. "A partir de agora contamos tamén con servizo de reparación de terminais móbiles e tabletas", explica, "iso abarca a reparación de pantallas, o cambio de baterías, danos na estrutura do móbil, etc; a idea é a de continuar mellorando a atención e o servizo aos clientes nun novo espazo máis amplo, á parte de manter a venda de servizos como son Internet, telefonía fixa e telefonía móbil".

O certo é que cada vez son máis as persoas que se deciden a arranxar o seu móbil antes de mercar un terminal novo. Ante isto poderiamos preguntarnos se en realidade compensa, pero o certo é que si. "Vai a depender do terminal e do cliente, pero normalmente sempre compensa, sobre todo porque a xente valora moito máis a información que ten dentro do seu móbil e o que implicaría perdela ou ter que cambiala, antes que o importe dunha reparación", explica Óscar. Cómpre destacar que o arranxo realízase na propia tenda en Melide.

Con isto, a partir de agora concéntranse no local da rúa San Pedro os servizos de reparación e liberación de terminais, venda de accesorios e tamén de móbiles baixo demanda, distribuidor oficial R, e os servizos de Internet, telefonía fixa e móbil de Juifi.

Juifi, unha marca que continúa medrando

Pola súa parte, Eder Torreiro e Óscar Iglesias continúan con Juifi, empresa que dá servizos de acceso a Internet orientados especialmente ao ámbito do rural. A marca non deixa de medrar con tarifas actuais no mercado tan competitivas como a de chamadas ilimitadas con 3 GB, a un prezo de 9,90 euros ao mes (IVE incluído).

"Non só iso, agora mesmo dispoñemos de tarifas de Internet nas que por tan só 29,95 euros tes unha conexión de 10 MB reais de velocidade; é unha moi boa conexión tanto no rural como en lugares máis céntricos", salienta Óscar, "e sempre sen permanencia, todos os produtos de Juifi son sen permanencia e sen obrigatoriedade de contratar teléfono fixo", engade.

Os servizos de Juifi ofértanse tanto para particulares como para empresas.



Novas instalacións, situadas na rúa de San Pedro, onde agora tamén reparan terminais móbiles





O proxecto de *Mulleres de Seu*, no Congreso dos Deputados


Foto: CLUN

O grupo para o apoderamento feminino no ámbito cooperativo de CLUN, *Mulleres de Seu*, levou o pasado mes de decembro o seu programa ao Congreso dos Deputados en Madrid. Unha delegación das socias da Cooperativa tivo a oportunidade de expoñerlle de primeira man os retos e as accións do grupo á presidenta do Congreso, Ana Pastor; ademais de aos presidentes das Comisións de Igualdade e Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Pilar Cancela e José Ignacio Llorens. A coordinadora do grupo, Carmen Rodríguez, trasladou o agradecemento pola recepción, a oportunidade "gratificante" de coñecer in situ o funcionamento e composición deste órgano e asistir á conmemoración do 40 aniversario da Constitución Española.

Finaliza con éxito o proxecto Galac

Por outra banda, CLUN informou de que, en agrupación e colaboración con importantes empresas do sector, rematou con éxito o proxecto de I+D "Tecnoloxías para a detección rápida e control sectorial do impacto das micotoxinas na nutrición animal en Galicia (GALAC)"; un proxecto co que se buscou mellorar de forma significativa o control sobre micotoxinas en alimentación animal e as producións gandeiras en Galicia. O proxecto desenvolveuse dende o mes de febreiro de 2016 ata o pasado 30 de novembro de 2018 e contou cunha axuda de preto de 88.000 euros.

Un programa da Xunta achega dous profesionais a Dairylac

Tal e como recolleu o xornal El Correo Gallego, a compañía láctea Dairylac de Melide obtivo o apoio e reforzo profesional do programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Talento Sénior; un programa co que se pretende "impulsar a atracción e o retorno de investigadores doutores e profesionais con traxectorias consolidadas para que se desenvolvan proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación" en Galicia. Deste xeito, a empresa melidense vai incorporar a través de dous contratos indefinidos a un doutor en Bioloxía -Ángel Pereira-, que se encargará do lanzamento de novos produtos ao mercado, e a un enxeñeiro técnico industrial -Jaime Garrido-, que liderará o desenvolvemento tecnolóxico do proxecto de secado de soro e leite.

Melide, entre os Concellos que terán axentes de emprego

A Xunta vén de resolver as axudas para apoiar nos concellos galegos e nas entidades sen ánimo de lucro a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio. Con esta iniciativa, apóiase así a contratación e o mantemento de axentes especializados na promoción do emprego; un deles no Concello de Melide. O obxectivo desta medida é favorecer nos municipios, con especial atención ao rural, a promoción da actividade empresarial e colaborar coas asociacións que máis o precisan para a inserción laboral de persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social. A Consellería de Economía, Emprego e Industria inviste este ano máis de 202.000 euros para seguir impulsando a Rede de Técnicos de Emprego en Santiago de Compostela e comarca. Por poñer un exemplo, entre as tarefas a realizar polos axentes de emprego estarán as de axudar ás empresas a desenvolver os seus proxectos, así como realizar o acompañamento técnico no inicio dos mesmos.

POR SER DE XUSTIZA

As modificacións nos contratos de arrendamento de vivendas



Eva Novás
Avogada

Unha das últimas novidades lexislativas que nos deixou o ano 2018 foi o Real Decreto Lei 21/2018, de 14 de decembro, de medidas urxentes en materia de vivenda e alugueiro, que introduce importantes modificacións nos arrendamentos de vivenda.

O preámbulo da norma xustifica estes cambios en atención á dificultade de acceder a unha vivenda en alugueiro debido ó incremento dos prezos así como pola posición de debilidade que teñen moitos arrendatarios, carecendo das condicións mínimas de estabilidade e seguridade. O tempo e a práctica dirán se as medidas son realmente efectivas ou beneficiosas. As principais novidades son as seguintes:

Exclúense da norma os arrendamentos de vivendas con máis de trescentos metros cadrados ou que a renda inicial anual excede de 5,5 veces o salario mínimo interprofesional, consideradas de luxo. Tamén se exclúen todas as vivendas destinadas a usos turísticos ou similares, que deberán rexerse polas súas propias normas.

A duración do arrendamento poderá pactarse de forma libre entre as partes. Pero se esta duración fose menor de cinco anos, ou de sete anos se o arrendador é unha persoa xurídica, chegado o vencemento do contrato, a súa duración deberá prorrogarse de forma obrigatoria se o solicitase o inquilino, por anualidades e ata que alcance os cinco anos, como mínimo, ou os sete se quen arrenda é unha persoa xurídica. Salvo que o inquilino manifeste a súa intención de non renovar o contrato cunha antelación de trinta días ou que arrendador lle comunique con dous meses de antelación que necesita a vivenda de forma permanente para si mesmo, para os familiares directos ou para o cónxuxe en caso de separación ou divorcio.

Se chegados os cinco ou sete anos ningunha das partes manifesta en tempo a vontade de non renovalo máis, o contrato entenderase prorrogado por outros tres anos a maiores.

Aqueles contratos nos que non se estableza prazo de duración ou sexa un prazo indeterminado, enténdese que a duración será de un ano, coa posibilidade de prórroga ata os cinco ou os sete anos á que antes nos referiamos.

Nos contratos que teñan unha duración superior ós cinco ou ós sete anos, as partes poderán pactar que en caso de falecer o inquilino, a subrogación no alugueiro se produza só durante o prazo mínimo obrigatorio de duración do contrato.

En canto á renda, seguirá sendo libre e so poderá ser revisada cada ano na data en que se prorrogue cada ano de vixencia, segundo acordo das partes. A falta de acordo expreso, non se aplicará a revisión de rendas ós contratos. En canto ós gastos, as partes poderán acordar que sexan por conta do arrendatario os gastos xerais de manter a vivenda, os servizos, tributos e cargas non individualizadas. O pacto deberá ser por escrito e determinando o importe anual destes gastos que asumiría o arrendatario.

Sobre a fianza, esta prestarase no momento de constituír o contrato e seguirá sendo dun mes de renda no caso dunha vivenda e de dous meses en caso de alugueiros para uso distinto ó de vivenda.

Ademais de moitas outras novidades, introduce modificacións en materia de propiedade horizontal e establece máis garantías para proceder ó desafiuzamento do arrendatario, prevéndose a posible suspensión do procedemento e a comunicación ós servizos sociais se existen indicios de que se trata de persoas en situación de vulnerabilidade.

Todas estas modificacións non afectan ós contratos celebrados antes da entrada en vigor do Real Decreto pero as partes poderán pactar e acordar a adaptación dos contratos preexistentes a este novo réxime xurídico, que convén coñecer antes de asinar un novo contrato ou de modificar os que xa están en vixencia.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

SABER DE LEI

O maior premio é compartilo. Ou non…?



E&M AVOGADOS

O pasado 22 de decembro tivo lugar como cada ano o tradicional sorteo da lotería de Nadal. E seguramente moitos dos lectores fostes premiados por algún dos múltiples premios, e moitos outros non perdestes a esperanza de que iso ocorra a próxima vez, xa que un 76% da poboación compra polo menos un décimo para este sorteo que se leva celebrando dende o ano 1812, sorteo que se seguiu celebrando incluso nos anos nos que transcorreu a Guerra Civil española.

Un sorteo que tradicionalmente inicia as vacacións de Nadal e implica pequenas supersticións e pequenos rituais para atraer a sorte como por exemplo levar unha moeda de ouro ou un alfinete na chaqueta os días claves, colgar o décimo nunha ferradura antes do sorteo ou levalo sempre na carteira sen despegarse del ata o día 22; pedirlle ao loteiro que che dea o décimo coa man dereita, pasar o décimo pola cabeza dun calvo ou pola barriga dunha embarazada…

Tamén é moi frecuente compartir décimos entre familiares, amigos ou compañeiros de traballo, pero isto pode chegar a ser un verdadeiro problema no caso de que ese décimo sexa premiado co Gordo ou con calquera outro premio de importante cantidade. Moitos son os casos que acaban nos xulgados, xa que o que compra o décimo é o seu portador, e é el quen pode ir a cobralo sen posteriormente repartilo como estaba acordado. Por iso é conveniente, cando compartamos un décimo, deixar plasmado documentalmente o acordo. Unha forma habitual de facelo é fotocopiar o décimo cos datos e firma dos que xogan e tamén a cantidade coa que xoga cada un e, nos últimos anos, coa chegada da mensaxería instantánea, correo electrónico e Whatsapp, é moi común deixalo ben documentado que é compartido a través de foto do décimo, importe do compartido e aceptación entre as partes.

Nestes casos de décimos premiados compartidos é importante que a persoa que cobra o premio e o reparte se quede cunha acreditación da participación de todos e poida demostrar que o décimo é propiedade de todos, para impedir de tal xeito que a Axencia Tributaria poida considerar o reparto como unha doazón.

Pero que ocorre no caso de que o décimo premiado sexa dunha soa persoa e esta estea casada? Pois dependerá do réxime económico no que o matrimonio estea casado. Se están en réxime de gananciais o premio terá que ser repartido entre eles ao 50%, e se están casados en réxime de separación de bens o premio sería única e exclusivamente do cónxuxe que mercou o décimo.

Pero estes non son os únicos problemas que se poden dar, como por exemplo perder o décimo ou que no lo rouben, neste caso o primeiro que temos que facer para evitar que a persoa que o atope poida cobrar o premio é poñer unha denuncia ante a Garda Civil, a Policía Nacional ou ante o Xulgado de Garda do lugar onde ocorreu o feito.

A denuncia debe incluír os datos do décimo: os números xogados, serie, fracción, reintegro, e aportar todo o que teñamos do mesmo, como fotos, fotocopias…

Notificalo tamén por escrito ante a Asesoría Xurídica de Loterías e Apostas do Estado.

En caso de que o décimo resultase premiado debese acudir ao Xulgado coa denuncia e solicitar a paralización do cobro do premio. Se conceden a paralización do mesmo, remitir a copia da denuncia e a da resolución xudicial á Sociedade Estatal de Loterías e Apostas do Estado, e isto pódese facer a través de calquera Administración de Loterías.

Para ditar o abono do premio os tribunais terán en conta todas as probas aportadas e ademais tamén terán en conta se o premio non foi reclamado e a testemuña do vendedor. En caso de que a perda non sexa dun décimo senón dunha participación o procedemento será diferente, hai que dirixirse á asociación que vendeu dita participación e esta será a encargada e responsable de reclamar a perda.

Se fostes uns dos premiados tede en conta que o importe do premio ten un gravame do 20% sempre e cando este supere os 2.500 euros, e pode ser cobrado ao día seguinte do sorteo en calquera administración de loterías, pero se excede dos 2.500 terá que ser cobrado nas entidades financeiras habilitadas.

Así que revisade os vosos décimos, compartidos, propios e non vos despistedes que tedes tres meses para cobralos desde o día do sorteo. E se non fostes premiados desta vez facede algún dos rituais para chamar á sorte, e seguramente para a próxima toque.

Feliz ano 2019

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito

Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 282
671 833 425

Aberto o prazo para solicitar a Tarxeta Benvida de axuda a pais e nais recentes

A Tarxeta Benvida de axuda para pais e nais recentes en Galicia xa pode solicitarse para o ano 2019, coa principal novidade de que nesta ocasión pode pedirse durante o embarazo sen necesidade de ter que esperar a dar a luz. A contía xeral desta axuda é de 1.200 euros por cada fillo ou filla durante un ano a razón de 100 €/mes; unha axuda que se fará efectiva a través desta tarxeta, a cal só poderá utilizarse en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia. Poderán beneficiarse desta axuda aquelas persoas residentes en Galicia que teñan fillas ou fillos nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019; que teñan constituída a adopción ou ser declarado en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019; e tamén as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2019. Igualmente poderán beneficiarse da ampliación da axuda aquelas familias que obtiveran a axuda no ano 2018 e experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar. Máis información sobre os requisitos para poder acceder á Tarxeta Benvida no Centro de Información á Muller de Melide e no teléfono 012.

Máis de dous millóns de euros para a convocatoria da Rede Cultural da Deputación

A Deputación da Coruña bota a andar unha nova convocatoria da súa Rede Cultural á que destina este ano máis de dous millóns de euros. Compañías, profesionais e entidades terán ata o 17 de xaneiro para inscribir os seus espectáculos no circuíto cultural que conta con catro programas: "Escena ao vivo", "Visións", "Alicerce" e "Lingua a escena!". Deste xeito, a nova convocatoria da Rede Cultural inicia agora o seu proceso abrindo un primeiro prazo para a inscrición de espectáculos que se prolongará ata o día 17 de xaneiro ás 14:00 horas. A solicitude de espectáculos por parte de Concellos e entidades iniciarase o 27 de febreiro e rematará o 13 de marzo ás 14:00 horas. En total, o orzamento para o ano 2019 ascende a 2.060.000 euros. Despois de que o día 13 de marzo peche o prazo para que Concellos e entidades soliciten os espectáculos ofertados, a resolución da adxudicación realizarase antes do 13 de abril. É destacable o feito de que a Deputación da Coruña achega o 75% do orzamento para Concellos de menos de 5.000 habitantes e o 60% para os que van dos 5.000 aos 10.000 habitantes. No caso das entidades, poderán solicitar actuacións do programa "Alicerce" para os que a Deputación achegará o 70% do importe do espectáculo. Na pasada edición a Rede Cultural programou case dúas mil actuacións nos concellos da Coruña converténdose tamén no principal espazo de distribución do audiovisual galego.

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Información elaborada por CC Xestión
Tlf.: 881 973 307 - info@ccxestion.com

REAL DECRETO 1462/2018, POLO QUE SE FIXA O SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL PARA 2019. (BOE 312, DO 27/12/2018)

O salario mínimo para calquera actividade na agricultura, industria e servizos, queda fixado en 900 €/mes (30 €/dia), para xornada completa. O salario en cómputo anual, coas dúas gratificacións extraordinarias, ascende a 12.600 €.

O salario por xornada legal para temporeiros, cuxos servizos a unha mesma empresa non excedan de 120 días, terá un mínimo de 42,62 € e o salario mínimo dos empregados de fogar, por horas, en réxime externo, será de 7,04 €/hora por todos os conceptos retributivos

REAL DECRETO-LEI 28/2018, PARA A REVALORIZACIÓN DAS PENSIÓNS PÚBLICAS E OUTRAS MEDIDAS URXENTES EN MATERIA SOCIAL, LABORAL E EMPREGO. (BOE 314, DO 29/12/2018)

PARTE I

MODIFICACIÓNS NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS (RETA)

- COTIZACIÓN E ACCIÓN PROTECTORA

A partir do 01/01/2019, a principal novidade de é que a cotización por continxencias profesionais (accidente de traballo) e cese na actividade teñen carácter obrigatorio para todos os traballadores autónomos, a excepción dos autónomos agrarios e socios de cooperativas cun sistema alternativo autorizado pola TGSS, para os que seguirán sendo coberturas voluntarias.

A porcentaxe de cotización total por todas as continxencias, para 2019, dos traballadores do RETA ascenderá ao 30% da base de cotización elixida; é dicir, 0,10% máis que a porcentaxe de cotización total en 2018, para aqueles autónomos que non tiñan cobertura de continxencias profesionais e cese na actividade.

Amplíase a prestación por cese na actividade, que poderá acadar os 24 meses, acreditando unha cotización de 48 ou máis meses.

No 2019, con carácter xeral, a base mínima de cotización dos traballadores autónomos será de 944,40 € e a base máxima de cotización é de 4.070,10 €; a excepción do contemplado para autónomos maiores de 47 anos.

Se ben, a base mínima de cotización en 2019 para autónomos que nalgún momento do 2018 e de maneira simultánea tiveran contratados a 10 ou máis traballadores e para os autónomos societarios, será de 1.214,10 € mensuais.

- COBERTURA DA INCAPACIDADE TEMPORAL OBRIGATORIA CON MUTUA

Os traballadores autónomos que inicialmente pola cobertura da incapacidade temporal coa entidade xestora da Seguridade Social, deberán, deberan no prazo de 3 meses (antes do 01/04/2019) contratar tal cobertura con unha Mutua colaboradora da Seguridade Social.

- MODIFICACIÓN DA CHAMADA TARIFA PLANA DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Os traballadores autónomos que a 31 de decembro estiveran aplicando as bonificacións da popularmente chamada Tarifa Plana de cotización (50 €), deberán cotizar obrigatoriamente por continxencias profesionais (accidente de traballo), a partir do 01/01/2019; pero non por cese na actividade e por formación profesional. Polo tanto, aqueles traballadores pasarán a pagar, ata os 12 meses dende a alta no RETA, unha cota única de 60 € por todas as continxencias. Agora ben, os traballadores que a 31 de decembro xa tivesen a cobertura de cese na actividade manterán esta e deberán cotizar ademais por Formación Profesional.

Esténdese aos traballadores agrarios por conta propia as mesmas bonificacións que para os traballadores do RETA; é dicir, a chamada Tarifa Plana, así como as reducións e bonificacións seguintes aos 12 primeiros meses dende a alta.

Asimesmo, mantense a recentemente aprobada bonificación para traballadores autónomos que residan e desenvolvan a súa actividade nun municipio de menos de 5.000 habitantes, de xeito que unha vez finalizados os incentivos dos primeiros 12 meses (60€/mes) poderán beneficiarse durante outros 12 meses máis deste mesmo incentivo; co compromiso de manter a alta da actividade económica e o empadroamento no citado municipio durante catro anos seguintes á alta.

COTIZACIÓN DURANTE A SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL E POR CONTINXENCIAS PROFESIONAIS

Na situación de incapacidade temporal con dereito a prestación económica, transcorridos 60 días dende a baixa médica, corresponderá facer efectivo o pago de cotas por todas as continxencias, á Mutua colaboradora da Seguridade Social, á entidade xestora ou, no seu caso, ao Servizo Público de Emprego.

MEDIDAS LABORAIS E DE EMPREGO

Suprímense os contratos vinculados a unha taxa de desemprego superior ao 15%; é dicir o contrato de apoio aos emprendedores; o contrato de formación e aprendizaxe celebrado con traballadores menores de 30 anos (quedando limitado a traballadores maiores de 16 anos e menores de 25 anos).

Tamén se suprimen: o contrato a tempo parcial con vinculación formativa, a contratación indefinida de un xoven por microempresas ou autónomos, contratación en novos proxectos de emprendemento xoven, contrato de primeiro emprego xoven; contratos todos eles con beneficios na cotización. Asimesmo deróganse os incentivos do contrato en prácticas e a axuda económica de acompañamento dos traballadores contratados para a formación e aprendizaxe.



Tchin Tchin
ESPECIAL FIESTAS

¡PROLONGADO!

EL 2º Y 3er
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*



YA VERÁS CUANDO SE ENTERE DE QUE
TIENE QUE SEGUIR TRABAJANDO...

ÚLTIMOS DÍAS

PIDE TU CITA en **afflelou.es**

*Ver condiciones en óptica. Oferta válida hasta el 31/01/2019

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Polémica entre populares e socialistas a conta do reparto de fondos da Deputación

A alcaldesa de Melide denuncia un descenso nos fondos provinciais para 2019 e inicia unha recollida de firmas para esixir o arranxo das beirarrúas, por parte da Deputación, na parroquia de Santa María



Beirarrúa en Santa María para a que o Concello recolle firmas

Os investimentos do Plan de Obras e Servizos (POS), da Deputación da Coruña previstos para este ano en Melide víronse envoltos en certa polémica, con cruzamento de acusacións incluído entre o goberno local (PP) e oposición (PSOE), a conta do reparto de fondos e das actuacións previstas.

Trala súa aprobación en pleno o pasado mes de decembro -cos votos a favor de PSdeG-PSOE e a abstención do BNG- o Concello de Melide destinará, con cargo ao POS+2019, un total de 225.663 euros a melloras en diferentes vías. Así mesmo, no que corresponde ao apartado de gasto corrente, o Concello de Melide investirá 372.380 euros en limpeza viaria e no pagamento de luz pública; mentres que da achega complementaria, o goberno local apostará novamente por unha segunda parte da posta en valor da rúa Campo Grande, cun total de 298.248 euros de investimento.

Dende o goberno local, engadiron, "tomouse de novo este ano a decisión de non facer uso do apartado de préstamo provincial", sendo así a cifra destinada pola Deputación da Coruña ao Concello de Melide para o 2019 de 597.943 euros.

Feitos os cálculos foi cando chegou a polémica, e é que a alcaldesa de Melide, Dalia García, denunciou que "en termos absolutos con respecto ao 2018", a baixada dos fondos provinciais para este ano 2019 "foi dun 19,22%, uns 142.232 euros menos que no POS+2018". García criticou ademais que a achega provincial obrigatoria para obras segue sendo a máis baixa se se compara co POS complementario e co préstamo provincial que Melide decide non solicitar. "Isto vén sendo unha política habitual da Deputación da Coruña, xa que o primeiro Plan Único proveu para Melide 908.721 euros, e actualmente temos 597.943,74", recriminou, e lamentou que "teñamos que ser gobernados por unha Deputación totalmente partidista e carente de criterios obxectivos, xa que se ten comprobado que nas 37 alcaldías gobernadas polo Partido Popular, quen máis e quen menos, perde o 20% de fondos como media deste Plan, que sempre foi o pulmón dos investimentos dos concellos".

Máis fondos que co PP na Deputación

Ante esta situación, tanto dende a oposición como dende a Deputación, os socialistas defendéronse aludindo a que Melide recibe hoxe máis fondos da Deputación que cando gobernaba o PP. "Só a través do Plan Único, a Deputación investiu en Melide 2,2 millóns de euros entre 2017 e 2018, outra cousa é a incapacidade do goberno local para xestionar eses fondos", aclarou o seu voceiro municipal, José Antonio Prado.

"Un goberno no que no ano 2017 só se executou un 18% do orzamentado no capítulo de investimentos, e no que as obras non se fan ou fanse con gran retraso, carece da lexitimidade necesaria para dar leccións de xestión eficaz", engadiu Prado.

Tamén criticou as palabras da alcaldesa de Melide o deputado responsable da área de Economía e Facenda, Antonio Leira. Dende o organismo provincial asegurou que o Plan Único supuxo duplicar o investimento da Deputación en Melide. "No período 2017-2019 o POS+ aprobou máis de 3,4 millóns de euros para mellorar os servizos e infraestruturas do municipio", dixo, "con proxectos como a reforma e posta en valor da rúa Camiño Real ou as obras de mellora no vial da escola de Baltar e nos accesos a numerosos núcleos rurais como Traspedra, Loures, A Garea, Castiñeiroa-Casasnovas, Maceda e outros".

Ademais de lembrar a diferenza de investimentos, menor cando o goberno provincial era popular, Leira tamén destacou que "para 2019 o Plan Único contempla unha achega inicial de 853.691,54 euros para Melide. Unha cifra que se irá incrementando ao longo do exercicio, coa incorporación de remanentes, como sucedeu nos anos anteriores".

Recollida de firmas no propio Concello

Lonxe de dar por concluída a polémica, a alcaldesa de Melide arremeteu de novo contra a Deputación da Coruña para esixir unha vez máis un reparto obxectivo dos fondos asignados aos diferentes plans provinciais. E non só iso, senón que ademais anunciou unha campaña de recollida de firmas para reclamar o arranxo das beirarrúas na parroquia de Santa María, nun treito da estrada provincial DP-4603 polo que pasa o Camiño de Santiago.

"Visto que a día de hoxe o plan de sendas da Deputación funciona e hai investimento nas estradas provinciais, queremos saber por que os veciños de Santa María non teñen ese beneficio, por iso o noso seguinte paso é a recollida de firmas. Tanto poden vir aquí ao Concello os veciños de Santa María para asinar, como nós tamén iremos a Santa María a recoller firmas", aclarou García.

A rexedora melidense lembrou que levan máis de dous anos demandando que se arranxe esta zona, "tanto a través dunha moción que contou coa sorprendente abstención do PSOE", dixo, "como de diferentes reunións nas que se solicitou o arranxo de ditas beirarrúas. Eu agardo que en 2019 se produza un reparto xusto dos fondos por parte da Deputación e que iso permita a Melide beneficiarse do arranxo en Santa María porque a competencia é estritamente provincial", concluíu.

A resposta por parte do PSdeG-PSOE de Melide a esta campaña de recollida de firmas non se fixo esperar lembrándolle á alcaldesa "a situación de abandono na que se atopa o Camiño de Santiago entre Santa María e o Carballal; unha vía de competencia municipal que empregan a diario peregrinos e veciños para acceder ás súas vivendas".

Recollen firmas para que o Concello acometa unha reforma integral na rúa Camiño Vello de Santiago



Se por un lado o Concello de Melide recolle firmas para esixirlle á Deputación o arranxo das beirarrúas na parroquia de Santa María, neste caso son os veciños da rúa Camiño Vello de Santiago os que levan recollidas máis dun cento de sinaturas para demandarlle ao Concello de Melide unha reforma integral da zona.

Quéixanse de que levan anos padecendo a mesma situación sen ningún tipo de intervención que mellore definitivamente as deficiencias que soportan. Así por exemplo, denuncian a escasa capacidade dos sumidoiros existentes para absorber as augas pluviais cada vez que chove; augas que acaban baixando dende a Avenida de Lugo e a rúa do Lavadoiro ata inundar a zona e facer a calzada practicamente intransitable.

Tamén reclaman melloras no firme da rúa. Segundo argumentan, as lousas de pedra da calzada sélanse todos os anos con cemento, pero ao estar asentadas sobre terra, cada vez que pasan vehículos pesados estas levántanse, rompen e acaban por crear un camiño irregular cheo de pozas, co consecuente perigo que iso supón para os camiñantes que poden tropezar.

Dentro da actuación integral que reclaman os veciños para esta zona, pola que transcorre o Camiño de Santiago, recóllese así mesmo a poda de árbores, a roza de maleza, unha iluminación axeitada como a que se instalou noutros lugares da vila, e unha mellor limpeza dos colectores do lixo dos que, din, só existen dous e afectan negativamente á imaxe da entrada no pobo polo Camiño de Santiago.

Coa recollida de firmas, que trasladarán á alcaldesa de Melie, agardan que as súas peticións cheguen tamén aos organismos que xestionan as actuacións e fondos para o Camiño de Santiago, co obxectivo de que inclúan a reforma desta zona nas súas futuras previsións.

O Museo da Terra de Melide, que superou en 2018 as 13.000 visitas, obrigado a pechar de novo



Ao igual que as "campanadas", o peche do museo local vai camiño de converterse nunha tradición de fin de ano. E é que, un ano máis -e van seis xa-, o Museo da Terra de Melide viuse obrigado a botar o peche durante os primeiros meses do ano debido á falta de financiamento. Así o comunicaron dende a súa conta oficial nunha coñecida rede social: "Por sexto ano consecutivo o Museo de Melide vese abocado a pechar as súas portas durante os primeiros catro meses do ano, posto que as limitacións económicas non nos permiten ter aberto sempre".

A situación, lonxe de solucionarse, empeza a ser un triste hábito, pero a falta de financiamento -tan só recibe fondos por parte da Deputación da Coruña- só permite que as instalacións abran as súas portas durante oito meses ao ano, de maio a decembro.

Con todo, o balance realizado polo ente cultural das actividades levadas a cabo durante o pasado 2018 foi máis que positivo. "Queremos indicar que este 2018 foi un ano moi satisfactorio para o Museo, xa que puidemos levar a cabo a maioría das actividades proxectadas; os roteiros históricos pola historia e polas lendas da nosa vila voltaron a ter o éxito doutras edicións (que coas deste ano que remata xa van pola quinta); tamén foi moi satisfactorio poder realizar estes roteiros cos CEIPs de Melide, para darlles a coñecer ós máis cativos a historia da vila onde viven, e que aprendan a amar e respectar ese legado histórico", informaron.

Máis de 13.000 visitas

Así mesmo, explicaron que un ano máis superouse a barreira dos 10.000 visitantes. "Acadamos a elevada cifra de 13.765 visitas ó noso Museo, a pesar de que por cuestións orzamentarias, non se abre máis que oito meses ó ano", indicaron.

Dende o Museo da Terra de Melide aproveitaron a ocasión para agradecer "encarecidamente a xenerosa e desinteresada colaboración de todos e cada un dos 231 socios do Museo, xa que sen eles este Museo botaría máis meses pechado".

Como de costume nos últimos anos, a actividade do Museo retomarase o vindeiro mes de maio.

O 96% das visitas á oficina de turismo nos seis últimos meses de 2018 foron peregrinos

A oficina de turismo de Melide fixo balance das visitas recibidas nos últimos seis meses do pasado ano, sendo un total de 20.109 as persoas que se achegaron ata esta oficina. Destaca o feito de que o 96% das visitas rexistradas foron peregrinos que percorren o Camiño Francés, mentres que o 4% restante correspondeu a turistas.

Así mesmo, cara finais de ano, segundo informaron dende a oficina, "notouse un descenso considerable de visitantes, pero os que se achegaron fixéronо con máis tempo para o seu percorrido pola vila, non como sucedeu cos peregrinos nos meses de xullo ou agosto, cando chegaban máis apurados buscando albergues onde pasar a noite".

O balance realizado amosa que houbo un incremento con respecto ao ano anterior, xa que no 2017 rexistráronse 16.829 visitantes fronte aos 20.109 de 2018; un incremento do 19.5%. Este aumento produciuse principalmente nos meses de verán e foi encabezado polos visitantes nacionais. Así, no 2018 achegáronse a Melide 2.847 visitantes españois máis que no 2017, un incremento do 32%.

En canto á procedencia dos visitantes estranxeiros, no 2018 tamén se produciu unha pequena suba do 5,3% con respecto ao ano anterior.

Do mesmo xeito, nos meses de verán houbo unha maior afluencia de visitantes españois procedentes, sobre todo, das comunidades de Andalucía, Madrid, Cataluña, Valencia, Canarias e Baleares; mentres que nos meses de outono e inverno aumentou o número de peregrinos chegados de Europa e do resto do mundo.

Dalia García, alcaldesa de Melide, amosouse satisfeita coas cifras acadadas xa que " unha vez máis os visitantes a Melide aumentan ano tras ano, un reflexo de que a xente se interesa por coñecer a nosa vila", dixo.

Un total de 33 familias benefícianse das axudas de 300 euros á natalidade



O Concello de Melide resolveu a convocatoria de axudas municipais a prol da natalidade e que beneficiarán a un total de 33 familias da vila. Foron exactamente 36 as solicitudes rexistradas, pero tres familias locais gozaron dunha axuda dobre ao ter parto múltiple. As achegas consisten en 300 euros por cada fillo ou filla nado no pasado 2018.

Con esta medida o Concello de Melide pretende axudar a aqueles veciños e veciñas que tiveron fillos durante o pasado ano e que están afincados en Melide, xa que un dos requisitos para poder optar ás axudas é estar empadroado na vila cunha antigüidade de seis meses no momento de facer a solicitude e cun compromiso de non mudar esa situación por cinco anos.

Dalia García, alcaldesa de Melide, explicou que "con esta contía queremos premiar á xente que ten fillos na vila e que decide quedarse a vivir nela. Somos coñecedores de que un fillo ou filla ten moitos gastos e queremos aportar o noso pequeno gran de area aos nosos veciños", dixo.

García engadiu que nos primeiros meses do ano 2019 convocaranse de novo estas pequenas axudas -a contía xa está prevista nos orzamentos do próximo ano-, "para seguir premiando dalgún xeito á xente que ten fillos en Melide", concluíu.

Augas de Galicia licita a redacción dun proxecto para solucionar a acumulación de sedimentos na praia fluvial

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitou a redacción dun proxecto para tratar de resolver a acumulación de sedimentos na zona de baño da praia fluvial de Furelos. As empresas poderán presentar as súas ofertas ata o martes 15 de xaneiro. Este contrato, licitado por un importe de preto de 53.000 euros, ten un prazo de execución duns 8 meses. O obxectivo é analizar as alternativas e redactar o proxecto coas actuacións para resolver os problemas ocasionados pola modificación do réxime hidráulico que sofre o río Furelos, co fin de mellorar a súa conectividade na contorna da praia fluvial. Na actualidade, o espazo reservado para o baño atópase colmatado por acumulación de sedimentos retidos no azud. Para solucionar esta situación analizaranse diversas actuacións, entre elas a apertura de todo ou parte do azud, co fin de dispor dunhas comportas que se abran no inverno para permitir o fluxo dos sedimentos durante a época de máximas enchentes, e que permanezan cerradas na época estival para favorecer a zona de esparcemento público. Tamén se avaliará a disposición de deflectores permanentes ou temporais -dispositivos que modifican a dirección dunha corrente de fluído-, co obxectivo de evitar a presenza de zonas mortas e contribuír ao fluxo dos sedimentos.

Solicitan unha Xunta de Portavoces para tratar as deficiencias na piscina municipal

As queixas dos usuarios da piscina municipal de Melide, debido ao mal mantemento das instalacións e dos equipos, así como a un aumento no prezo das actividades, propiciou que o grupo municipal socialista solicitase a convocatoria duna Xunta de portavoces para tratar de analizar a situación e buscar unha solución.

Os socialistas, que xa denunciaron as deficiencias e o mal estado no que se atopa a infraestrutura en numerosas ocasións, insistiron en que "o goberno municipal permitiu e permite o mal mantemento das instalacións a pesar de ter coñecemento dos problemas, da súa importancia e de estar obrigados a evitalo".

"O malestar dos usuarios leva catro anos sen ter ningunha resposta polo deixamento de funcións do executivo local, que está facultado polo contrato subscrito coa empresa concesionaria a requirir a subsanación das deficiencias das instalacións, equipamentos e servizos", especificou José Antonio Prado, voceiro socialista.

Con todo, a única resposta recibida ata o momento por parte da alcaldesa de Melide, sinalou o socialista, foi que "o Concello exerce un control periódico das instalacións municipais reuníndose co xerente da concesionaria cando hai asuntos desta índole a tratar: queixas de usuarios ou defectos de mantemento ".



O Concello escúsase en que a cota da piscina é das máis asequibles e que a súa xestión é externa

Xestión externa

Ante as críticas recibidas, o Concello de Melide escusouse en que a xestión da piscina municipal é externa, puntualizando ademais que a cota que se paga na actualidade é das máis asequibles da contorna para facilitar o acceso ao deporte, tanto a de aboado individual como a de aboado familiar. "É unha cota moi asequible, moitas das veces o 50% máis barata que instalacións da comarca que contan con servizos similares".

Así mesmo, achacaron as posibles deficiencias a "un desgaste lóxico e normal, dentro da instalación e na propia maquinaria, por uso intensivo", e lembraron que "dende o Concello de Melide, o goberno municipal mantén unha relación de comunicación inmediata coa empresa concesionaria ante calquera anomalía que lle é comunicada por parte dos usuarios, sendo o seu deber vixiar o cumprimento do contrato coa concesionaria en todo momento".

Dende o Concello anunciaron ademais "a disposición da empresa concesionaria a arranxar nos próximos días problemas puntuais dos que está pendente de pezas de provedores".

Para dar mostra do bo funcionamento das instalacións, o goberno local tamén informou de 15 novas altas de usuarios, e 4 baixas, nos dez primeiros días do ano.

Critican a falta de previsión da Deputación para paliar a aparición de xeo nas estradas

As fortes xeadas caídas días atrás propiciaron as queixas do grupo do Partido Popular na Deputación da Coruña que, a través do seu voceiro, Agustín Hernández, criticou a falta de previsión do goberno provincial á hora de levar a cabo os traballos de mantemento na rede viaria provincial para evitar a aparición de placas de xeo.

Hernández denunciou que en moitos municipios non se esparexeu o sal necesario, o que favoreceu a aparición de placas de xeo e, en consecuencia, saídas de vía e mesmo algún que outro accidente. Hernández referiuse á estrada que vai de Melide a Toques e tamén á de Melide Rivadulla; denuncia da que tamén se fixo eco a alcaldesa de Melide, Dalia García, e á que engadiu a zona de Catasol.



Pola súa parte, dende a Deputación afirmaron que nos primeiros sete días do ano actuouse con 246 toneladas de sal en 1.282 quilómetros, "máis da metade dos 2.100 cos que conta a rede provincial". Así mesmo, din, dispoñen dun "operativo de 40 persoas traballando a diario para garantir as condicións de seguridade nas estradas coruñesas". Ante a previsión de que continúen as xeadas convén extremar as precaucións e alertar da formación de posibles placas de xeo tanto ao Concello como á Deputación e mesmo ao 112.

Conservación na Rede Natura



As axudas a particulares para conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia no ámbito de Rede Natura, na provincia da Coruña, permitiron a realización de diferentes actuacións na comarca. É o caso, en Melide, da recuperación dun alpendre e dun forno tradicional no lugar do Castro, en O Meire; así como a reposición do peche e a rehabilitación dun hórreo, e a rehabilitación e reconstrución de valos de cachotaría tradicional no Leboreiro. Pola súa parte, as actuacións máis demandadas nos concellos de Santiso e Toques foron a restauración e rehabilitación de hórreos tradicionais. Estas axudas, establecidas pola Consellería de Medio Ambiente cun importe máximo de 12.000 euros, repártense en dúas anualidades (2018 e 2019), e localizáronse a maior parte delas na comarca de Santiago.

Aberto o prazo para acreditar as competencias profesionais

A Consellería de Educación publicou no Diario Oficial de Galicia o pasado mes de decembro a orde pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, coa novidade de que este ano a solicitude de participación no procedemento deberá presentarse única e exclusivamente a través de Internet na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Isto requirirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo www.edu.xunta.es/acreditacion, desde onde deberá xerarse o formulario normalizado. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto **ata o 7 de febreiro de 2019**. Os interesados poden obter máis información na web: http://www.edu.xunta.es/fp/convocatoria-acreditacion-competencias-2019, e tamén a través do profesor do IES Melide, Javier Iglesias, quen tamén é asesor neste proceso.

Aseguran ao chan os colectores do lixo en máis de 20 rúas

Co obxecto de reforzar a seguridade viaria, sobre todo en días nos que as condicións meteorolóxicas son desfavorables, o Concello de Melide instalou máis de 60 novas estruturas para suxeitar os colectores do lixo ao chan en diferentes rúas. Engaden dende o consistorio que o que se pretende é facilitar ao mesmo tempo "a recollida de residuos orgánicos e inorgánicos á veciñanza", ademais de reorganizar o propio servizo de cara a facelo máis accesible á empresa concesionaria da recollida en puntos onde se poidan xuntar os contedores de residuos sólidos, de envases lixeiros, de cartón e, nalgúns casos, de recollida de roupa. Os traballos continuarán noutras zonas da vila que aínda carecen deste sistema, co obxectivo de conseguir que todos os colectores de lixo no municipio estean suxeitos ao chan.

Notifican a preto de 100 veciños a limpeza das fincas

Tras facer balance, no pasado ano 2018 o Concello de Melide notificou a 97 veciños a obriga legal de manter limpas as súas fincas, próximas a vivendas, ante o posible risco de incendios. Dende o Concello lembran que, no caso de non atender estes requirimentos, poderíase iniciar un expediente sancionador por incumprimento con posibles multas que van dos 300 aos 6.000 euros.

Melloran o equipamento e as instalacións da escola infantil con 34.000 euros



Unha subvención de máis de 34.000 euros por parte da Consellería de Política Social para obras menores de adecuación e melloras do edificio, permitiu varias actuacións na escola infantil de Melide. Os obxectivos de dita achega foron os de optimizar os espazos, adquirir novo equipamento e integrar as novas tecnoloxías nas aulas da escola.

Concretamente, con esta subvención executouse o cambio da instalación da auga quente sanitaria.

No eido do equipamento colocouse chan de caucho, xogos educativos e un novo cercado no patio de xogos exterior. Ademais, optouse por dotar de novos equipos informáticos ás aulas.

A rexedora local, Dalia García, agradeceu a aportación da Xunta de Galicia para mellorar as instalacións da escola infantil municipal, "un servizo moi utilizado polos veciños e veciñas de Melide que teñen nesta infraestrutura municipal unha oportunidade para a súa conciliación laboral e familiar", indicou.

Na provincia de Coruña, esta liña de axudas financiou actuacións en 28 centros de atención á infancia de 0 a 3 anos.

Curso preparatorio, a partir do 6 de febreiro, para obter o Celga

Dende o seu departamento de Normalización Lingüística que comparte cos concellos de Santiso, Palas de Rei e Toques, o Concello de Melide organiza un curso preparatorio para a obtención dos Certificados en Lingua Galega (Celga). O curso, que dará comezo o 6 de febreiro en horario aínda por determinar, terá lugar na aula CEMIT do edificio Multiusos e será impartido polo técnico de Normalización Lingüística do Concello de Melide, Xaquín Vázquez. A formación irá dirixida a todas as persoas que queiran preparar os exames nos diferentes niveis do Celga 1, 2, 3 e 4. As persoas interesadas terán que inscribirse no departamento de Normalización Lingüística do Concello de Melide en horario de mañá, de luns a venres, e en horario de tarde os mércores.

O Sergas escritura a finca para a construción do novo ambulatorio



A alcaldesa de Melide, Dalia García, e María Jesús Piñeiro, directora xeral de recursos económicos do Servizo Galego de Saúde, asinaron ante notario a cesión do terreo por parte do Concello de Melide ao Sergas, onde se construirá o futuro centro de saúde da vila. O Concello de Melide cede así a escritura pública á administración autonómica para que inicie os trámites necesarios para que o centro de saúde da vila sexa unha realidade. Con este feito dáse validez a un acordo do Pleno Extraordinario Urxente do pasado 14 de agosto, cando o Concello de Melide cedía unha única parcela, despois da fusión das tres anteriores, para a realización do novo centro de saúde. Este trámite acordado en Pleno non tería validez sen o seu reflexo xurídico; materializado agora legalmente trala sinatura ante notario. A rexedora melidense, Dalia García, apuntou que "a sinatura perante notario deste acordo é sinal de que o expediente é correcto e sinal tamén de que esas fincas xa forman parte do patrimonio do Sergas e deixan de ser de titularidade municipal". "Tamén damos cumprimento real e efectivo das cláusulas do convenio asinadas no seu momento co conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, en febreiro de 2016, e por outra banda outorgamos seguridade xurídica ao aprobado en agosto no Pleno", engadiu a alcaldesa. O seguinte paso será iniciar a licitación do proxecto de obra do futuro centro de saúde, que xa está en mans da Xunta de Galicia á espera da entrega do proxecto de execución por parte da Consellería de Sanidade.

Novos retos para a Asociación de Troiteiros

O colectivo celebrará a súa asemblea xeral o sábado 26 de xaneiro, na que darán conta das xestións realizadas

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide celebrará o vindeiro sábado 26 de xaneiro a súa XVI Asemblea Xeral. Será a partir das seis e media da tarde no salón de actos do edificio Multiusos de Melide e, entre outros puntos a tratar, inclúense as xestións levadas a cabo pola Xunta Directiva así como a aprobación dos orzamentos para este 2019.

Non obstante, antes de finalizar o ano, dende o colectivo que preside Xavier Pazo quixeron facer balance do traballo realizado en 2018, así como das expectativas para 2019. "É certo que iniciamos un novo ano con vellos problemas sen resolver no referente á saúde dos nosos ríos e, nomeadamente do noso, do Furelos", lembrou Pazo, quen tamén recoñeceu que "deputados e alcaldes de distintas organizacións e conselleiros do Goberno galego recolleron as nosas preocupacións pola saúde dos nosos ríos".

O presidente da asociación de troiteiros Río Furelos tamén destacou o carácter reivindicativo do pasado ano e defendeu ao colectivo como "parte da solución" e non como "parte do problema" que afecta aos ríos.

Finalmente, destacou o carácter positivo das últimas medidas levadas a cabo na Terra de Melide e nos concellos ribeiraos do Furelos para mellorar a saúde do mesmo, en alusión á nova ponte Mazaira e ao proxecto para resolver a acumulación de sedimentos na Tosta; e insistiu na necesidade de solucionar os problemas existentes dende hai anos. "O saneamento de parte das casas de Furelos e do parque industrial, o mantemento das estacións de bombeo de Santa María e do instituto e as extraccións ilegais de auga, xunto cos vertidos incontrolados dos xurros de moitas granxas. Son vellos problemas que levan deteriorando o río e a vida dos cidadáns. Sabemos que se irán corrixindo máis cedo que tarde, entre outras razóns, porque estamos convencidos de que na opinión pública estas reivindicacións contan co apoio dunha inmensa maioría. E porque seguiremos na procura de lograr uns ríos cheos de vida tal e como viñemos facendo desde a Asociación de Troiteiros Río Furelos nos últimos trece anos", concluíu.

O Camiño de Santiago e o galego protagonistas do calendario local



A relación entre o Camiño de Santiago ao seu paso por Melide e a lingua é a temática central do almanaque elaborado para este ano polo Concello de Melide. Tal é así, que o calendario para o 2019 leva por título "Camiño e lingua, esencia de Melide". Foi elaborado polo servizo de Normalización Lingüística (que abrangue os concellos de Melide, Toques, Santiso e Palas de Rei) e está composto por 12 láminas de imaxes do Camiño de Santiago ao seu paso por Melide e as súas parroquias. Non faltan así xoias arquitectónicas locais como a ponte de Furelos, a ponte do Leboreiro, a igrexa de Santa María ou o cruceiro máis antigo de Galicia, entre outras. O calendario xa foi repartido de xeito gratuíto entre os comercios da vila, mentres que todas aquelas persoas que estean interesadas en adquirir un poderán achegarse ata o propio Concello para solicitalo ata fin de existencias.

Denuncian o impacto medioambiental dunha granxa porcina en Toques

A Asociación cultural A Toca quixo manifestar recentemente a súa oposición á instalación dunha granxa de produción porcina, en réxime intensivo, nas inmediacións da igrexa románica de San Antolín, en Toques.

Segundo explicaron, "a macrogranxa porcina, en fase de construción, localízase a unha distancia duns escasos 200 metros en liña recta do conxunto artístico e arquitectónico de San Antolín, declarado en 1994 Ben de Interese Cultural".



Granxa preto da capela de San Antolín que motivou as queixas

Para a asociación A Toca resulta incomprensible que por parte das diversas Administracións se dese autorización á instalación dunha explotación destas características nesta paraxe, "máxime cando o seu impacto visual é enorme, sobre todo se se accede á capela dende a aldea de Os Curros", indicaron. "Supón un atentado patrimonial ao afectar ao máis importante conxunto histórico artístico de Toques, que recibe anualmente centos de visitantes".

A agrupación cultural denunciou así mesmo o impacto medioambiental que provocará na contorna, como "a xeración de malos olores, o tránsito de vehículos pesados e sobre todo o forte impacto contaminante sobre os solos e as augas". E é que a explotación atópase situada a pouco máis de 100 metros do río e do depósito municipal de augas; "depósito que abastece de auga potable á maior parte dos núcleos do Concello", aseguraron.

Dende a asociación cargaron contra a Dirección Xeral de Patrimonio e a Consellería de Medio Ambiente "por outorgar os permisos correspondentes que implican a degradación desta paraxe de gran beleza e singularidade", e tamén contra a "política contraditoria do goberno municipal" ao manifestar por un lado a intención de aproveitar como reclamo turístico a capela de San Antolín, e por outro permitir "a espoliación e degradación dos recursos do Concello".

O Concello manterase vixiante

Dende o Concello de Toques, que recoñecen que non se trata do mellor lugar para a instalación dunha granxa, aseguran que se manterán vixiantes para que se cumpran todas as medidas de seguridade e a actividade non afecte de xeito negativo á calidade de vida dos veciños e visitantes. Así mesmo, lembran que o proxecto conta con todos os permisos, motivo polo cal se lles concedeu a licenza.

"Evidentemente é unha granxa que non está no sitio máis idóneo, pero ao contar con todos os permisos de Patrimonio, Augas, Medio Ambiente e mesmo do sector forestal, a nós non nos quedou outra que dar a licenza", apuntou Miguel Ángel Buján, rexedor de Toques.

"Desde o Concello imos estar moi pendentes e moi encima para que non se produza ningunha vertedura nin ningunha molestia ocasionada pola granxa; non debería haber ningún problema porque está un pouco máis alta que San Antolín, desde a propia capela non se ven as instalacións, así que o impacto é menor. E en canto ao depósito de auga, non ten porque producirse ningún problema porque con esa idea se tramitaron as autorizacións e os permisos, tendo en conta ademais as garantías que nos dá o propio proxecto. E se nalgún momento houbese un problema paralizaríase a actividade e punto; a saúde pública e o benestar están por encima dunha explotación, pero ao contar con todos os permisos necesarios o que non podemos facer é negarnos a dar unha licenza", argumentou Buján.

Toques aproba uns orzamentos para 2019 dirixidos "a investir"

O goberno municipal de Toques aprobou os orzamentos para 2019 por un importe de 1.589.410 euros; uns 6.000 euros menos con respecto ao ano anterior. O alcalde de Toques, Miguel Ángel Buján, destacou que os orzamentos "manteñen unha liña continuísta e, pese a unha pequena baixada que é mínima, son uns presupostos realmente encamiñados á inversión", declarou. "Dentro das nosas posibilidades, excluímos o que é gasto obrigatorio, gasto corrente, e o demais vai todo a inversión, ben sexa infraestruturas, obras, etc", engadiu. Deste xeito, en dito orzamento o apartado para investimentos será de 632.180 euros, mentres que o dedicado a gastos correntes e máis de servizo será de 556.756,10 euros.

Obras con cargo ao POS+2019

O Concello de Sobrado aprobou en pleno un plan para a mellora de vías e camiños nas parroquias por importe de 469.649 euros. Estes proxectos financiaranse con cargo ao POS+ 2019 da Deputación da Coruña, "e servirán para incrementar as condicións de seguridade viaria en boa parte do municipio", anunciou o alcalde, Lisardo Santos.

ITV de agrícolas en Sobrado


A unidade móbil para a realización de Inspeccións Técnicas de Vehículos agrícolas desprazarase ao Concello de Sobrado dende o 7 ao 11 de febreiro, en horario de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, na explanada do polideportivo. Para solicitar cita previa, os interesados poderán chamar ao 902 30 90 00 ou ben a través da web www.sycitv.com

Inauguración oficial da ponte Mazaira



Despois de máis dunha década demandando o seu arranxo, o pasado 15 de decembro tivo lugar a inauguración oficial da nova ponte Mazaira sobre o río Furelos, que comunica os concellos de Melide e Toques. A Consellería de Medio Rural investiu nesta infraestrutura máis de 300.000 euros. Os traballos consistiron na retirada da vella ponte, en estado ruinoso, e na construción dunha nova estrutura de case 30 metros de lonxitude e seis de ancho. Ademais, adecuáronse as vías de acceso á ponte con regos asfálticos, con lonxitudes de 475 metros no lado de Melide e de 330 metros no lado de Toques. Para a directiva da Asociación de Troiteiros Río Furelos, principal impulsor desta reclamación histórica, a posta en servizo desta infraestrutura supuxo "un fito importante por sermos os demandantes da mesma perante as distintas administracións, con independencia do seu signo político". Á inauguración da obra asistiron os conselleiros de Medio Rural e de Medio Ambiente, José González e Ángeles Vázquez, o director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Pérez Dubois, e os alcaldes de Melide, Dalia García, e de Toques, Miguel Ángel Buján.

Sobrado lembra a necesidade de limpar as parcelas próximas a liñas eléctricas



O Concello de Sobrado informou de que a empresa Unión Fenosa Distribución remitiu un comunicado ao Concello co fin de lembrarlles aos propietarios a obrigatoriedade de limpar as súas parcelas. "Segundo a Lei de Montes de Galicia", aclararon dende o Concello, "nas liñas de distribución da enerxía eléctrica é preciso xestionar a biomasa nunha franxa de cinco metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos". No caso de que o propietario do terreo non efectúe estes labores, Unión Fenosa procederá a súa realización. As fincas afectadas poden consultarse no mapa do Concello.

Mª Jesús García, candidata do PP en Sobrado

A dirección do Partido Popular da provincia da Coruña, encabezada polo seu presidente, Diego Calvo, nomeou en xunta directiva a María Jesús García Souto como candidata do Concello de Sobrado para as municipais de maio. A poucos meses de que se celebren os comicios locais, os dirixentes populares tamén deron luz verde á nova xestora do municipio, que servirá de apoio e respaldo para a cabeza de lista.

REBAIXAS en Melide

Sueños
MODA INFANTIL
981 50 71 87
R/ Alexandre Bóveda, 2

Alfonso Modas
María José Vilar Soutiño
Rúa Mateo Segade Bugueiro , 13
15800 MELIDE (A Coruña)
Telf. 981 50 54 58

El Dándolo
MODA HOME - MULLER
Tfno.: 981 50 63 70 -610 75 78 84
Rúa do Convento, 15
15800 MELIDE





REBAIXAS
sport MODA
ARZÚA, Rúa Lugo, 24
Tfno.: 981 50 03 71
MELIDE, Cantón de San Roque, 38/40
Tfno.: 981 50 76 01
Instagram

* Puericultura
* Lencería
* Infantil
* Mercería
MIS MEJORES LABORES
Tlf.: 981 50 90 85
Ronda da Coruña, 38 - MELIDE

Ekaté | ekate.es



HASTA 50% de descuento

Rúa Alfonso Senra, 157
15680 Ordes
981 68 24 93


Cantón de San Roque, 11 bajo
15800 Melide
881 97 74 17

DIVA PRO

HAIR & BEAUTY

- Tienda de venta al por menor de productos de Peluquería, Estética y Cosmética
- Salón de uñas en semipermanente, gel y la nueva técnica de polvos de inmersión
- Depilaciones con hilo y tratamiento de parafina

Ronda da Coruña, 58
15800 Melide (A Coruña)
Telfn.: 981 93 76 65



"COCIÑA con CORAZÓN"

casa alongos

Á parte da carta habitual,
temos COCIDO
TODOS OS DOMINGOS

Reservas, presupostos para grupos,
configuración personalizada do teu menú
Chámanos ou tamén por enderezo electrónico

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com
info@casaalongos.com

Tfno.: 981 506 392
Móbiles.: 619 229 334
686 312 851

VILELA
ELECTRICIDAD

* Instalaciones eléctricas
* Telecomunicaciones
* Mantenimiento
* Sistemas de climatización

A CORUÑA
Parque empresarial Alvedro,
Calle F, Nave 32
15180 Culleredo - A Coruña
Tfno.: 981 652 967

MELIDE
C/ Rosalía Castro, 17 Bajo
15800 Melide - A Coruña
Tfno.: 981 505 900

info@electricidadvilela.com

Ser impecable está de moda

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel

N.R.S. (0177-GAL-SPO)



Analíticas alimenticias | Laboratorio
Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394

tuboutik@hotmail.com
tuboutik@blogspot.com



REBAIXAS

- Moda para señora e cabaleiro
- Primeiras marcas do mercado
- Tallas especiais
  - Cabaleiro: 38 - 76
  - Señora: 38 - 68

DUSA

sistemas de elevación

para su vivienda o negocio



Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com

www.dusagalicia.com



Ascensores
y Montacargas

Especial rehabilitaciones Espacios Reducidos







Suspenden temporalmente o servizo que presta a barcaza de Portodemouros

O servizo de transporte que presta a barcaza do encoro de Portodemouros, entre os concellos de Santiso e Vila de Cruces, estará interrompido ata o vindeiro 22 de xaneiro ás 20.00 horas. O motivo responde á realización da inspección regulamentaria de seguridade que cada certo tempo está obrigada a facer a empresa Naturgy, responsable da infraestrutura.



Barcaza fóra da auga (imaxe de arquivo)

Ante a suspensión do servizo, a compañía hidroeléctrica sinalizou tamén, mediante a colocación de carteis indicadores, os desvíos e itinerarios alternativos a seguir.

Estudo sobre a calidade das augas

O de Portodemouros é precisamente un dos encoros incluídos dentro dun estudo co que se pretende avaliar a calidade das augas nas presas de Galicia.

O traballo busca compatibilizar as actividades que se levan a cabo a carón dos encoros, como as agrícolas e forestais, co uso da auga que se almacena neles.

Así, a Xunta de Galicia licitou por máis de 615.000 euros un estudo en distintos encoros do ámbito xeográfico de Galicia-Costa para poder mellorar a calidade das súas augas. As empresas interesadas neste contrato dispoñen ata o vindeiro 29 de xaneiro para presentar as súas ofertas.

Ademais do de Portodemouros, entre os encoros incluídos neste estudo atópanse os de Forcadas, Cecebre, Barrié de La Maza, Beche, Ribeira, Eume, Santa Uxía, Fervenza, Sistema Vilagudín e San Cosmade e Eiras.

Carbón para o xefe territorial de Educación

Papá Noel visitou este Nadal aos nenos do colexio público de Arcediago, en Santiso, para traerlles os seus regalos e algunha que outra larpeirada. Mais con quen non debeu quedar moi satisfeito foi co xefe territorial da Consellería de Educación, Indalecio Cabana, a quen Santa Claus lle deixou un saco cheo de carbón. Foi un xesto simbólico co que a Anpa do CEIP Arcediago quixo deixar patente unha vez máis o seu descontento ante a política de recortes aplicada no centro ao comezo do curso escolar. O colectivo de pais e nais reclamaba un terceiro docente para Primaria, petición que Educación non atendeu.



SOBE O PARO NA COMARCA EN 12 PERSOAS

CONCELLO	Parados mes actual	Parados mes anterior	VARIACIÓN
MELIDE	401	399	2
SANTISO	83	83	0
SOBRADO	59	55	4
TOQUES	61	55	6
Total (decembro 2018)	604	592	12

Santiso prima o gasto social nos orzamentos de 2019

Santiso aprobou os seus presupostos para 2019 continuando coa liña de anos anteriores; uns presupostos "pensados por e para os veciños e os lugares onde residen, sendo o gasto social un dos máis importantes dadas as demandas que existen na actualidade no noso municipio", comunicaron dende o Concello.

Un novo programa de traballo

Non obstante, o máis destacado se cabe é a nova estratexia de traballo coa que dende o goberno municipal teñen pensado actuar ao longo deste ano. "Aínda que son uns orzamentos continuístas, pretendemos darlle un novo enfoque á maneira de investir os recursos dos nosos veciños e que estes perciban de primeira man a onde van os seus cartos. Conseguiremos isto grazas a un programa que verá a luz na súa totalidade proximamente, o cal marcará a liña de traballo neste 2019", aclararon.

Este novo programa de traballo comezou no seu momento co plan de aglomerados; unha iniciativa ben recibida entre os veciños. Pero se algunha actuación destacaron dende o Concello foi "o plan de loita contra o catastrazo, sendo o Concello de Santiso o primeiro concello da comarca en poñer ao dispor dos veciños un servizo de asesoramento totalmente gratuíto, e do que máis de 300 veciños acabaron facendo uso".

Dende o Concello de Santiso non deixaron pasar a oportunidade para destacar que "por empeño e interese único deste equipo de goberno, levouse a pleno a bonificación para bens de uso agrícola, gandeiro ou forestal. No mes de decembro, e loitando contra a pouca colaboración por parte de Catastro, púxose en marcha a recollida de solicitudes de bonificación, onde numerosos veciños presentaron a documentación necesaria para poder beneficiarse", recalcaron.

Por outra banda, na actualidade Santiso traballa na execución dun programa de actuacións que inclúe a limpeza e posterior formigonado de cunetas en San Román e Novela. "Alí onde as medidas da vía e as condicións o permitan, como é no caso de Carballido, levaremos a cabo esta actuación que tamén favorecerá a canalización de pluviais e o aproveitamento do ancho total". O obxectivo do Concello pasa por crear espazos no municipio "bonitos e ao mesmo tempo cómodos para vivir".

Axudas do GDR para a comarca

O Diario Oficial de Galicia publicou a dotación orzamentaria da convocatoria Leader 2018-2019 para o financiamento de novos proxectos. Deste xeito, o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo disporá de máis de 600.000 euros destinados ao apoio económico de iniciativas que contribúan a dinamizar os concellos que o integran (comarcas de Arzúa e Melide, e o municipio de Vilasantar). O prazo para acollerse á convocatoria estará aberto ata o vindeiro 31 de marzo.

Loita contra a velutina na Rede Natura

Medio Ambiente reforzará a retirada de niños primarios de velutina en vinte concellos da Rede Natura, entre os que se atopan os de Melide, Toques e Santiso. Deste xeito, ao longo de 2019 priorizaranse estas accións para erradicar os niños deste insecto co fin de minorizar e conter a proliferación da avespa velutina en territorio de Rede Natura. Dende a Consellería lembraron a importancia da colaboración cidadá para localizar os niños de velutina e proceder así a súa eliminación coas medidas de seguridade necesarias.

PINCELADAS DO NADAL

Cea solidaria a favor da Fundación Andrea

A raíz da enfermidade dunha alumna do colexio Mestre Pastor Barral de Melide, un grupo de mamás de 1º de Primaria dese CEIP decidiron elaborar un calendario solidario para colaborar con dúas entidades galegas importantes e solidarias. Ditas entidades, elixidas pola familia da alumna enferma, foron a Asociación de Axuda a nenos Oncolóxicos de Galicia (Asanog), e a Asociación galega de transplantados de médula ósea (Asotrame). Realizaron en total 300 calendarios, que recollen en cada páxina un debuxo de cada alumno de 1º, e cos que se conseguiu recadar a cifra de 450 euros para cada entidade.

O mesmo grupo de mamás tamén organizou unha cea solidaria, con gran éxito de convocatoria, á que acudiron 260 persoas. Tivo lugar no Hotel Carlos'96 de Melide e, xunto a unhas tarxetas solidarias que mercou moita xente, foi posible entregar á Fundación Andrea de Compostela 4.550 euros. A directora da Fundación, Amaya Castro, estivo presente na cea e amosouse moi sorprendida e agradecida pola importante cantidade recadada. Antes de que remate este curso, o grupo de mamás pretende organizar algunha actividade solidaria máis.

"Nós, ao igual ca Asanog, temos un soño: que un día a loita contra o cancro teña un final vitorioso", indicaron; "cantas máis persoas de ben, sensibles e solidarias co sufrimento alleo nos unamos, máis doado será o camiño", engadiron as mamás de 1º do CEIP Mestre Pastor Barral de Melide.



Solidariedade e deporte na San Silvestre de Melide

Coincidindo co último día do ano Melide acolleu unha ocasión máis a tradicional carreira de San Silvestre. O evento deportivo foi organizado pola Asociación deportiva Cerne Melide e contou coa colaboración do Concello.

Gozouse dun gran ambiente familiar xa que os máis cativos tiveron a oportunidade de realizar un pequeno percorrido media hora antes da carreira dos adultos.

Pola súa parte, a proba dos adultos, non competitiva, consistiu nun percorrido circular que comezou na praza do Convento con dirección ao parque da urbanización Taboada Roca, para realizar dende alí o percorrido de cara a meta, pasando polo Camiño dos Tagarros, percorrendo a zona máis antiga da vila e con dirección á praza de saída. Foron un total de tres quilómetros.

A carreira da San Silvestre tivo de novo nesta edición un engadido especial, que foi a solidariedade. Así, para conseguir un dorsal foi necesario aportar un alimento non perecedoiro. A praza do Convento encheouse nas horas previas á saída da carreira de alimentos doados, mesmo de veciños que non participaron na carreira pero quixeron aportar o seu gran de area a esta iniciativa solidaria.

Dende Cáritas Parroquial de Melide fixeron un balance moi positivo da recollida de alimentos, mentres que a alcaldesa de Melide, Dalia García, tivo palabras de agradecemento para a Asociación Deportiva Cerne por organizar unha vez máis esta proba na vila, "a mellor maneira de rematar o ano", dixo.



A NOITE MÁIS MÁXICA

Esperamos durante todo un ano por eles, pero por fin chegaron. As súas maxestades de Oriente, os Reis Magos Melchor, Gaspar e Baltasar fixeron acto de presenza este Nadal por toda a comarca. Recolleron as peticións de nenos e maiores e repartiron, como sempre, moita ilusión nos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques.









Campamento da Anpa Martagona

Un ano máis a Anpa do colexio da Martagona organizou un campamento de Nadal para os seus alumnos; unha actividade que xa levan desenvolvendo dende hai anos co obxectivo de conciliar a vida laboral e familiar durante os días nos que non hai cole. Nesta ocasión, os encargados de poñer en marcha as actividades foron Xanela Ocio. Os máis pequenos puideron gozar de tempo de lecer, xogos, manualidades e ata visitas á radio municipal de Melide.



Remata o curso de maquillaxe en Melide



A alcaldesa de Melide, Dalia García, e a concelleira de Igualdade e Benestar Social, María Jesús López, clausuraron o curso de maquillaxe e coidados da pel que tivo lugar nas instalacións do centro social durante o último trimestre do ano. Durante a actividade o alumnado puido aprender máis sobre os diferentes tipos de cutis e coñecer as características da pel, entre outros aspectos.

Un belén moi especial para a igrexa

Como cada ano polo Nadal, o alumnado do centro ocupacional de Melide realizou os traballos de colocación do belén tradicional que se instala na entrada da igrexa parroquial para crear ambiente festivo. Membros do equipo de goberno así como o párroco da vila, José Manuel Melli, compartiron cos alumnos do centro un almorzo en recompensa polo traballo tan ben feito.



Patinaxe sobre xeo en Santiago



Máis dunha vintena de nenos e nenas de Melide desprazáronse ata Santiago de Compostela para patinar sobre xeo; unha actividade que se enmarcou dentro da programación do Nadal Cultural que organiza, como cada ano por esas datas, o Concello de Melide. Os pequenos puideron gozar dunha xornada de lecer e deporte.

Posta a punto en Furelos

Persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia realizou actuacións de mantemento, prevención e seguridade no campamento xuvenil de Furelos. Os traballos consistiron no acondicionamento exterior onde os máis cativos cada verán realizan actividades ao aire libre, a carón do río Furelos. Tamén se realizaron tarefas de prevención de posibles lumes chegada a época do verán, xa que o campamento de Furelos, pese a estar ao lado do treito do río, atópase nunha zona moi verde e frondosa que é necesario podar e manter en boas condicións.

David Perdomo actúa en Melide

O monologuista e actor galego David Perdomo actuará **na Casa da Cultura de Melide o vindeiro sábado 19 de xaneiro ás 21 horas**. As entradas, por valor de 10 euros, xa poden mercarse en diferentes establecemos de Melide como a cafetería Pinocho e Muxica Tenda Xoven. Perdomo participou nos seus comezos en curtametraxes e obras de teatro. Foi en 2009 cando comezou a traballar xunto a Xosé Touriñán e Roberto Vilar en *Land Rober*. É coñecido tamén en Internet pola súa popularidade na serie na que interpreta a varias personaxes, entre as que destaca "Koruño".

Proxectos do ciclo de Madeira

Aproveitando as vacacións de Nadal, e continuando co plan de obras no IES Melide, dende o centro informaron de que se ía reformar a escalinata e rampla de entrada ao recinto escolar. A novidade radica en que o proxecto de reforma foi realizado polo alumnado do ciclo de Carpintaría e Moble, concretamente polos alumnos Christian Martínez e Daniel Cardelle. Para esta reforma pensouse un pouco en todo, tanto nas persoas como no acceso de vehículos de emerxencia. Tras plasmar a idea por parte do centro, posteriormente é sempre a Consellería de Educación a que supervisa o proxecto.

Once toneladas de roupa en 2018

Nos colectores de roupa usada situados en Melide recolléronse o pasado ano un total de 11.167 quilos; mentres que no 2017 a cifra acadou os 14.053 quilos. Así se desprende dos datos facilitados pola empresa encargada da recollida dos colectores de roupa usada na vila, que establecen unha media de 1,6 quilos de tecido por habitante no municipio ao ano. Melide conta con sete puntos para a recollida de material téxtil situados en diferentes zonas do concello. Como curiosidade destaca o feito de que nos meses de verán é cando máis aumentan os quilos de roupa depositados. Pola súa parte, ante algunhas actuacións vandálicas rexistradas neste mobiliario urbano, a rexedora de Melide anunciou que "nos próximos días procederase ao recambio dalgúns contedores para salvagardar a seguridade da roupa e calzado que alí se depositen".

Bule Melide retomarase en febreiro

Os usuarios e usuarias de Bule Melide remataron o curso 2018 cunha xornada diferente na Casa da Cultura. Os participantes acudiron a unha charla informativa sobre o dano cerebral adquirido, impartido pola traballadora social da Asociación Sarela. Durante a actividade, os asistentes coñeceron máis polo miúdo as causas do dano cerebral adquirido, o ictus ou traumatismos, etc. Tamén se deron consellos aos presentes sobre a prevención, a atención e a rehabilitación neste tipo de patoloxías. A actividade de Bule Melide reanudarase en febreiro.

Revolución Detrito, de Xosé García, finalista no XII Premio Raíña Lupa

A novela será publicada por Edicións Xerais esta primavera

O escritor e xornalista, veciño de Melide, Xosé García Rodríguez vén de proclamarse finalista do XII Premio Raíña Lupa de literatura infantil e xuvenil da Deputación da Coruña coa novela *Revolución Detrito*.

Foi tal a calidade das obras presentadas nesta edición que o xurado decidiu nomear como finalista a novela de Xosé García ao recoñecer na mesma "unha narrativa áxil e unha historia engaiolante de resistencia da xente máis desfavorecida contra a ditadura, que ten que facer do lixo o seu modo de vida", e todo sen perder o sentido do humor.

Revolución Detrito narra a vida dun neno de once anos, Ticho, que vive nunha chabola xunto co seu pai -eivado tras un accidente na mina na que traballaba- e a súa irmá. "A accesos fan que a maioría do pobo viva en condicións de absoluta miseria. De feito, para sobrevivir, o protagonista ten que traballar tamén na mina e a súa irmá apañando lixo nun vertedoiro. Ese traballo inhumano para un neno da súa idade, a ausencia da nai, e ter na fantasía unha válvula de escape a unha realidade tan atroz, marcarán a vida de Ticho. E esa vida revolucionarase cando o rapaz atope un trasno na mina onde traballa", explica o autor.

"Dar voz a tantos seres humanos que malviven en condicións de miseria en calquera país do mundo, sexa do norte ou do sur" foi o que motivou a Xosé García a escribir esta novela; dar voz "a tantas persoas silenciadas por unha cultura mercantilista e frenética na que se traballas só tes tempo para cultivar o teu propio egoísmo, previo pago; e, senón, estás condenado a ser un paria sen voz, sen teito, sen alimento, pero a veces coa milonga de que tes dereito ao voto e vives nunha democracia. En *Revolución Detrito* e na República de Ocidia, como en tantos réximes ditatoriais, nin sequera iso", engade.

Unha historia fascinante escrita hai dez anos que agora se alzou finalista no certame da institución provincial. "Escribir esta novela levoume ao redor dun ano. Había moito traballo detrás dela como para resignarme a deixala inédita, pero o azar quixo que ficase esquecida até o pasado outono. Ese mesmo azar fixo que, por casualidade, buscando en Internet concursos de poesía, me topase co XII Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil. Cando isto aconteceu, quedaban tan só un par de días para que vencese o prazo de presentación. Tiven a sorte de que, nas bases, permitíase presentar os orixinais en formato dixital e iso animoume a rescatar *Revolución Detrito* para volver probar sorte e tentar sacala á luz por última vez", aclara o autor.



Xosé García durante a entrega de premios

Revolución Detrito chegará ás librarías esta primavera baixo o selo de Edicións Xerais, mais esta non é a primeira obra de Xosé García. Como escritor, tamén con pseudónimos como Xosé de Cea ou Cibrán Ulloa, publicou obras de poesía como *Presencia da fenda* e *Vilareda*. En ensaio é autor de *Baixo a lona preta*. *Xornal de viaxe dun brigadista na Bahia do MST*, e en literatura infantil e xuvenil é autor de *O lume dos soños*.



Primeiro ano da Asociación Veciñal Melidá

Recentemente cumprido o primeiro ano de vida da asociación veciñal Melidá (AVM), queremos aproveitar dende a actual directiva para publicar un balance do que se leva feito.

A AVM naceu coa convicción da necesidade de fortalecer o vínculo entre os veciños para que as nosas voces en conxunto tiveran unha maior relevancia na política local e melloraran a nosa capacidade de interlocución con outras Administracións. Esta convicción era compartida por moitos veciños e veciñas que mostraban a súa indignación fronte a uns representantes políticos que lonxe de entender a súa función pública de servizo aos cidadáns, actuaban cunha falta de respecto, unha falta de dilixencia e unha discrecionalidade, que resulta inaceptable na nosa celebrada democracia.

Foi así como o nacemento desta asociación tivo unha excepcional acollida, superando o centenar de socios dende o primeiro día.

A nosa primeira vía de actuación centrouse na praia fluvial do río Furelos. Comprobamos os informes de Saúde Pública e constatamos que o Concello de Melide nos mentira sobre a calidade da auga do verán anterior (2017), colocando un cartel que indicaba unha calidade suficiente para o baño, cando a Consellería de Sanidade lle advertira por escrito de que era insuficiente. Pedimos explicacións ao Concello e esixímoslle que no verán seguinte (2018) informase correctamente aos bañistas. Como resposta a alcaldesa saíu na Radio Galega insistindo na aptitude da praia fluvial para o baño e mostrándose vítima dunha teima da AVM. Tivemos que recorrer á Consellería de Sanidade para que tomara medidas fronte ao risco evidente de que o Concello volvese a enganar aos bañistas, e así foi como finalmente conseguimos que o Concello informase correctamente no verán pasado.

A partir de aí, puxémonos en contacto con Augas de Galicia coa intención de informarnos das actuacións necesarias para reverter a situación actual e recuperar unha praia fluvial que poidamos desfrutar como faciamos antes, e da que sentirnos de novo orgullosos. Esiximos por escrito ao Concello que asumise a súa responsabilidade, e levase a cabo as actuacións necesarias para emendar a penosa situación actual.

Outra vía de actuación foi comprobar o estado das denuncias dos vertidos do polígono industrial da Madanela, como a Augas da Galicia da nosa indignación fronte unha Administración irresponsable que leva tantos anos constatando este delito medioambiental e mirando para outro lado, formalizando unha nova denuncia e esixindo que se dea unha solución definitiva a esta situación.

A AVM posicionouse a favor dos veciños da zona da piscina cuberta, que protestaban pola decisión do Concello de trasladar alí as pistas de pádel, reducindo a superficie do parque infantil. Enviamos escrito ao Concello solicitando que se incluíra o pádel nas escolas deportivas e que fora gratis para os nenos. Solicitude que 3 meses despois continúa sen resposta do Concello.

Como diciamos ao inicio, esta directiva é consciente da necesidade de fortalecer o vínculo entre os veciños e por iso tamén procuramos levar a cabo actividades lúdicas, como a festa anual do socio, a chocolatada do Entroido, a xornada de xuntanza veciñal a prol do noso río ou o recente mercadillo.

Ademais tentamos colaborar con outras asociacións presentes no pobo, e gustaríanos incrementar estas colaboracións no futuro, na medida das nosas posibilidades.

Tamén insistimos cos nosos socios e socias para que se animen a propoñer actividades, a participar nelas, ou a dirixilas.

Desexamos ter cumprido coas expectativas dos nosos socios e socias para que renoven a súa confianza en nós e haxa cada vez máis veciños e veciñas que se animen a formar parte da asociación.

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ
Móbil: 601 60 44 88
E-mail: asociacionmelida@gmail.com

Os Reis Magos...

Emilio Ares

Para que haxa premios ten que haber obxectivos cumpridos. En eleccións prométenche realizalos e, pasadas, convértense nun canto ao conformismo e nunha invitación a que outros nos constrúan os seus intereses e hábitos de comportamento encerrados nunha clase dominante: as maiorías absolutas.

Non é de recibo que alguén que gaña con maioría, porque o pobo lle dá o seu voto de confianza, e sabendo a súa valía, por medio de directrices superiores sexa nomeada conselleira de Medio Rural.

Ante isto podemos facer un símil de carácter doce. Por exemplo; cos melindres de Melchor créase unha fábrica láctea con nove novos postos de traballo; cos amendoados e ricos de Gaspar comunícanse Melide e Toques, e Melide e Arzúa con dúas novas pontes; e co carbón de Baltasar quedamos sen o museo do queixo Arzúa – Ulloa, sen unha coñecida fábrica de biomasa con 135 postos de traballo e sen a inversión dun grupo lácteo francés e 130 empregos directos. Cantos postos de traballo xerarían na nosa comarca todas estas empresas? Que evolución tería o noso polígono? Ou, que poder adquisitivo tería Melide coa súa autovía?

Hai que estar dispostos a facer cousas que outros non farán para ter servizos que outros nunca terán. Xa foi unha pena que en vez de estar preocupada polo nomeamento de José Blanco como fillo adoptivo da vila non se preocupase máis para que a saída de Remonde se achegase máis ao polígono, posto que igual tiña poder para facelo.

O pobo é sabio, respecta os valores e dá oportunidades para desenvolver proxectos dentro deste novo nomeamento. Son espiñas infectadas que necesitan un bo antídoto para curarse... Ai! río Furelos, canto sofres en Vimianzo por non haber depuradora!, pobre polígono! non se desenvolven industrias e ademais puido ter depuradora. Pero todos sabemos que o tempo é testemuña, pasa pero non esquece.

O que diferencia aos que cambian o mundo dos que non, non son as ganas, tampouco as ideas, son as accións. Unhas accións que agora a recentemente nomeada Conselleira de Medio Ambiente ten a oportunidade de desenvolver neste novo ano.

Esperamos por esa depuradora ou por solucións para a depuración do polígono, tamén pola depuración municipal en puntos concretos do perímetro, polo saneamento total da zona rural e por rutas de sendeirismo.

Con todo, dámoslle a benvida como conselleira de Medio Ambiente e esperamos que no 2019 Melchor, Gaspar e Baltasar lle traian grandes agasallos para as distintas accións que vaia a realizar.



“A hostalería e a gastronomía poden cambiar, pero o tradicional sempre funciona”

Conta Ana que a seus pais sempre lles gustou o mundo da hostalería, de aí que abrisen Bodegas Curros hai xa máis de trinta anos. Ela incorporouse despois de rematar os seus estudos e agora, xunto a súa nai que continúa ao fronte do negocio, xestionan un local que tras pasar por varias reformas mantén intacta a súa esencia inicial. Entre as especialidades que ofrece Bodegas Curros destacan o polbo á feira, o bacallau á galega, a carne á caldeira, os xamóns e os embutidos ibéricos e do país; ademais de empanada caseira e, por suposto, o Ribeiro colleiteiro.



Irene Mato e Ana Curros (nai e filla), antes de preparar o polbo en Bodegas Curros

Levan vostedes máis de trinta anos coas portas abertas. En todo este tempo foron varias as reformas.

Ana Curros (A.C.): Si, xa fixemos varias. A última foi na terraza, que a cubrimos. Antes era tipo xardín e co tempo que temos aquí non se podía aproveitar moito. Agora si que se pode aproveitar un pouco máis, sobre todo tendo en conta que está aberta todo o ano. Logo as outras reformas xa se fixeron hai anos e, en xeral, do que se tratou foi de acondicionar un pouco máis o local sen perder a súa esencia, buscamos a comodidade sen cambiar os aspectos tradicionais. Por exemplo, que eu recorde os barrís sempre estiveron así.

Tendo en conta a longa traxectoria de Bodegas Curros, cal é o segredo para manter aberto un negocio durante tanto tempo?

A.C.: Iso teriamos que preguntarllo a meus pais (risas), pero fundamentalmente creo que o importante é facer as cousas ben, hai que facer as cousas ben ou polo menos intentalo. Despois tamén está a constancia, o bo trato, e creo que axuda o feito de que por moito tempo que pase sempre hai xente á que lle gusta o tradicional, como por exemplo a comida caseira. Co paso do tempo a hostalería e a gastronomía poden cambiar, pero o tradicional sempre funciona. Nós por exemplo, a día de hoxe conservamos aos clientes de toda a vida, os locais, e despois tamén temos a xente que vén de fóra, dende Sada, Santiago, A Coruña ou Lugo, así como os peregrinos de diferentes nacionalidades, e fundamentalmente o que nos siguen demandando é a comida de toda a vida.

E eses clientes que veñen de fóra, por primeira vez, como se fidelizan?

A.C.: Está claro que se o trato é cercano e a comida de boa calidade, iso axudará, e despois por suposto, que che guste o sitio. Para que ti volvas a un sitio tenche que gustar, iso o primeiro. Non sabería dicirche moito máis, só que eu recordo aquí a clientes de toda a vida, desde que era pequena, e penso que no feito de que continúen vindo inflúe moitísimo esa proximidade con eles. É dicir, en moitos sitios podes tomar un viño, pero que te coñezan e te sintas como na casa sempre te achega máis ao cliente. E por suposto, tamén axudan as tapas (risas de novo), non é o mesmo que che poñan uns cacahuetes que unha taciña de caldo. E outro aspecto que axuda a que un cliente siga vindo creo que é a situación, estamos ben situados e ademais Melide ten moita vida, é un sitio de paso de moita xente.

> “Sempre haberá xente á que lle guste o tradicional, como a comida caseira”

Que servizos ofrecen?

A.C.: Temos servizo de barra, que funciona moi ben, e hai terraza. Tamén dispoñemos de comida para levar, principalmente o polbo á feira, que é o que máis nos demandan; e por suposto reservas para comidas ou ceas, sobre todo agora que vemos que a xente reserva cada vez máis.

Cales son as súas especialidades?

A.C.: O noso prato estrela é o polbo á feira, pero tamén destacan a carne á caldeira, o bacallau á galega, os xamóns, os embutidos ibéricos, embutidos do país, as carnes á prancha, pementos da D.O. de Padrón (en temporada), e por suposto o cocido, que comezamos agora coa temporada. Tamén elaboramos pratos de culler (caldo galego, callos, fabada...). Facemos tamén diferentes variedades de empanada caseira: de atún, bacallau, carne, panceta con grelos.

Diría entón que o cocido é tamén un dos pratos fortes en Bodegas Curros?

A.C.: Penso que si, porque ademais facémolo con produtos caseiros, ben sexa a carne, chourizos, os grelos. Buscamos materia prima de boa calidade e da zona. É un dos pratos máis demandados por estas datas. De feito, as fins de semana durante este tempo sempre temos cocido.

> “O único segredo para elaborar ben o polbo á feira é que o produto sexa de boa calidade”

Volvendo ao polbo, sendo vostedes especialistas neste produto cal diría que é o segredo para facer un bo polbo á feira?

A.C.: Para min o único segredo é que o polbo sexa de boa calidade, que o produto sexa bo, non hai máis. Logo a cocción vai en función de moitos factores, sobre todo o tamaño e a cantidade; aquí estamos tan acostumados a facelo que xa non miramos o reloxo. Sae de forma automática. Pero se tes un bo produto, ten claro que o resultado final vai ser bo tamén. E por suposto non pode faltar un bo aceite de oliva virxe e un “pementón” da D.O. A Vera.

Para ir rematando, algunha especialidade como bodega?

A.C.: Aquí o que máis atrae á xente é o Ribeiro colleiteiro. E despois tamén temos viños de todas as Denominacións de Orixe que hai en Galicia, as cinco, así como outras Denominacións de Orixe de España.

Bodegas Curros
Tlf: 981 50 59 68
Ronda Pontevedra, 18



CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

ESTE Nadal TOCOU en Melide

NÚMEROS PREMIADOS NA CAMPAÑA DE ASETEM

PREMIO	Nº TITULAR	Nº RESERVA
2.000 €	**46.508** (Librería Cousas)	23.662 (Muxica)
1.000 €	**03.927** (Alain Afflelou)	25.723 (Xoiería Roval)
1.000 €	**14.450** (Frutería Celia)	32.231 (Melimática)
500 €	**58.885** (Bodegas Mejuto)	10.243 (Óptica Melide)
500 €	**16.946** (Yethi Carburantes)	58.020 (Mis Mejores Labores)
500 €	**30.879** (Xoiería Oro Ley)	63.423 (Calzados Broz)
500 €	**52.482** (Xoiería Oro Ley)	36.936 (Sisuka)
200 €	**Nº: 122** (Sorteo entre o público: Jorge Celestino Álvarez Rouco)	